



CIRCULAR INFORMATIVA
**VIAXE DEPORTIVA Á NEVE PARA 3º, 4º de ESO
e 1º BACHARELATO
Curso 2018/19**

Estimadas familias:

Como cada ano, o departamento de Educación Física do *IES Plurilingüe Elviña* prepara unha **viaxe á neve** para o alumnado do segundo ciclo de ESO e de 1º de Bacharelato. Aínda que as contratacións están aínda pendentes de confirmación, proporíase unha estancia en Jaca dunha semana (5 días de esquí) entre o día 20 e o 25 de xaneiro.

O prezo final da viaxe é de 455€ por persoa cun mínimo de 30 alumnos (se van menos, o prezo podería aumentar). O número máximo de prazas para a viaxe é de 40, polo que, de haber máis solicitudes, seleccionaranse por orde de entrega. Co fin de garantir o prezo final é necesario, por tanto, que o alumnado interesado deixe un sinal a modo de primeiro pago de 75€. Con este pago, que non se devolverá en ningún caso, farase a reserva das prazas na axencia de viaxes.

O prezo total inclúe aluguer de esquís, clases de esquí de 3 horas diarias, *forfait* para os 5 días, circuíto termal, transporte e pensión completa nun hotel de 3 estrelas. Coa fin de costear mellor a viaxe, haberá rifas coas que cada alumno/a poderá recaudar os cartos que precise.

Os pagos realizaranse en tres prazos:

- a) 100 € antes do 20 de Novembro
- b) 150 € antes do 18 de Decembro
- c) 200 € a primeira semana lectiva de Xaneiro (8-11) [a cuantía do último prazo pode variar dependendo do número final de alumnos que vaian]

Antes do Nadal enviaremos unha carta co material necesario e á volta das vacacións de Nadal convocaremos unha reunión informativa cos pais para falar máis polo miúdo e resolver todas as posibles dúbidas.

Na Coruña, a día 25 de Outubro de 2018

Rubén Pardo Lesta
Vicedirección do IES Elviña

AUTORIZACIÓN

(devolver asinada cos cartos do 1º prazo antes do 20 novembro)

Eu _____ como pai/nai/
titor(a) legal do/a alumno/a _____
do curso _____ ESO/BACH **AUTORIZO** ao meu fillo/a/titorado para participar na
actividade "VIAXE DEPORTIVA Á NEVE-2019".

Na Coruña a día _____ de _____ de 2018

Sinatura do pai/nai/titor/